

CUBRE E ENVÍA ESTE CUESTIONARIO SE TI OU ALGUÉN DA TÚA CONTORNA PODE PARTICIPAR COLABORANDO NALGUNHA DESTAS ACTIVIDADES.

NOME E APELIDOS: _____

TELÉFONO DE CONTACTO: _____

NOME E APELIDOS ALUMNO/A FAMILIAR E CURSO: _____

Podería realizar actividades/obradoiros sobre:

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> LIBRO HUMANO, CONTAR VIVENCIAS | <input type="checkbox"/> TEATRO |
| <input type="checkbox"/> CONTACONTOS | <input type="checkbox"/> COSTURA |
| <input type="checkbox"/> EXPERIMENTOS | <input type="checkbox"/> IMPRESIÓN 3D E CORTADORA LASER |
| <input type="checkbox"/> XOGOS DE MESA, BARALLA ESPAÑOLA, XOGOS TRADICIONAIS... | <input type="checkbox"/> INFORMÁTICA, EDICIÓN DE VIDEO, CROMA, FOTOGRAFÍA |
| <input type="checkbox"/> COCIÑA | <input type="checkbox"/> ROBÓTICA EDUCATIVA E REALIDADE AUMENTADA |
| <input type="checkbox"/> MÚSICA E BAILE | <input type="checkbox"/> MANUALIDADES DE TODO TIPO |
| <input type="checkbox"/> CARPINTERÍA | <input type="checkbox"/> ELECTRICIDADE, ELECTRÓNICA, MÁQUINAS SIMPLE LEGO |
| <input type="checkbox"/> RADIO, CREACIÓN DE PODCAST | <input type="checkbox"/> USO DE VINILOS EN PLOTTER |
| <input type="checkbox"/> ARQUITECTURA: KAPLA, LEGO... | <input type="checkbox"/> OBRADOIROS DE ESCRITURA E ILUSTRACIÓN |

Podes marcar un ou varios apartados.



BIBLIOTECA HUMANA

A comunidade acompaña

Unha biblioteca de tod@s e para tod@s.
Biblioteca - Polos Creativos - Club de Ciencias



BIBLIOTEC A ESCOLAR "CARLOS LABRAÑA"
Participa!

A VOSA BIBLIOTECA

Continuando coa vosa colaboración como fonte documental e oral queremos ampliar o fondo de libros vivintes. Podedes consultar os libros doutros anos no catálogo Meiga ou no mesmo blog (<https://view.genial.ly/62c6e31064f9c90013358913/interactiv-e-content-virtual-library-editable>), este curso retomamos a actividade, dende tres ámbitos polos que apostamos o curso pasado:

1- BIBLIOTECA HUMANA

Para facela necesitamos das familias e os diferentes axentes sociais que conforman a vila. Calquera persoa pode participar. Un libro vivinte é unha persoa disposta a charlar de xeito informal e relaxado cunha ou varias persoas; disposta a compartir a súa historia, coa que teñamos a oportunidade non só de descubrir unha experiencia de primeira man, senón de realizar preguntas sobre a conversa. A temática pode ser diversa: inmigración/emigración, ecoloxía, historia, natureza, traballos manuais, crianza, vivencias...

2- CONTACONTOS

Durante a hora de ler (luns a venres de 12:00 a 12:20 h.) as familias e diferentes axentes sociais terán a oportunidade de vir á biblioteca escolar lerlles un libro ao alumnado, facer un contacontos,... En definitiva transmitir unha historia ao alumnado da aula da súa filla/o, neto/a... Como condición hai que axustarse ao horario e **acompañar o relato dun obxecto** que permaneza na biblioteca ou na aula acompañando ao conto.

BIBLIOTECA ESCOLAR "CARLOS LABRAÑA"
CEIP NICOLÁS DEL RÍO

3- OBRADOIROS

A Biblioteca Escolar e a escola, a través de Polos Creativos e o Club de Ciencias, conta cunha inmensa cantidade de recursos: máquinas de coser, robots e electrónica, pantallas táctiles, ferramentas de carpintería, a Radio Experimental, un plotter, impresoras 3D, lápices 3D, xogos de mesa e construción variados, ordenadores táctiles, Legos de diversos tipos: máquinas, brico, Wedo..., aula de teatro, croma e diversas salas para realizar miles de actividades. Pero necesitamos o máis importante, **crear un banco de persoas voluntarias** dispostas a realizar obradoiros diversos con estes recursos e nos nosos espazos.

Polo tanto, solicitamos da vosa colaboración para calquera dos tres ámbitos nos que desexedes participar. Para facelo, tedes que cubrir este papel por detrás e facelo chegar á secretaría do centro ou á biblioteca escolar.



Para calquera aclaración podedes mandar un email á seguinte dirección de correo: **biblio.nicolas.del.rio@gmail.com**

Agradecemos a participación tanto de familias (pais, nais, tíos, curmás, avoas, avós...) como de todo o tecido social (asociacións, axentes sociais, particulares...). Toda a colaboración será benvida. Enviade o papel cuberto por vós ou outra persoa do voso entorno que poida adicar un tempo de aprendizaxe compartida na escola.

**UNHA ESCOLA
DE TODAS E TODOS**

